

A obra inédita de Leandro Carré protagonizará o terceiro tomo da serie **PRESENTACIÓN EN LUGO DA COLECCIÓN RESCATE**



Antón Mascato, biógrafo de Francisco Fernández del Riego e director de Edicións do Cumio, e Henrique Alvarellos, director de Alvarellos Editora, no acto celebrado en Lugo. 18/11/05

Alvarellos Editora presentou en Lugo os primeiros volumes da súa nova Colección Rescate, que recollen obra esquecida de Cunqueiro e Paco del Riego. Así mesmo anunciou a próxima publicación da obra inédita de Leandro Carré mais o libro *Galicia bajo la bota de Franco*.

Na cidade onde Alvarellos Editora principiou a súa andaina, en Lugo, nun mes de maio de 1977, esta empresa cultural presentou hoxe a súa nova etapa, que está presidida polo lanzamento da Colección Rescate, unha serie de volumes onde se combina literatura e xornalismo e que recuperan obra esquecida de importantes plumas da nosa cultura.

Alvarellos Editora presentou os libros *Viajes y yantares por Galicia* de Álvaro Cunqueiro e *Sesenta Gallegos ilustres* de Francisco Fernández del Riego. Estas dúas obras, as primeiras da Colección Rescate, recollen a obra xornalística para a revista *Vida Gallega* destes dous persoeiros das nosas Letras, uns traballos que foron escritos e publicados entre os anos 1954 e 1963, ao longo de toda a segunda etapa desa publicación.

LUGO, PROTAGONISTA

É especialmente significativo que esta Colección se presentase en Lugo, pois, ademais de ter nacido Alvarellos Editora nesta cidade, os dous primeiros autores da nova colección son lugueses da Mariña (Mondoñedo e Lourenzá, respectivamente), a revista que acolleu os seus traballos, *Vida Gallega*, tivo a súa sede, durante practicamente toda a súa segunda época, en Lugo (anos 1956 a 1962), e foi propiedade dun coñecido lugués de adopción José Iglesias Presa, tío do fundador de Alvarellos Editora, Enrique Alvarellos Iglesias.



No acto, desenvolvido na Galería Sargadelos da Cidades das Murallas, participaron Antón Mascato, biógrafo de Francisco Fernández del Riego e director xeral de Edicións do Cumio, e o director de Alvarellos Editora, Henrique Alvarellos Casas.

Alvarellos Casas lembrou a historia da editorial e afirmou que “despois de casi trinta anos dende que botou a andar esta empresa, seguimos coa mesma ilusión, pero tamén co mesmo esforzo e limitacións propias dunha editorial pequena, familiar e independente, a idea coa que meu pai a fundou en maio de 1977”.

A OBRA INÉDITA DE LEANDRO CARRÉ

A Colección Rescate continuará durante 2006 recuperando obra esquecida, dispersa ou inédita de grandes autores galegos. Un dos próximos volumes que sairá á rúa, nas vindeiras semanas, será o que recolle o *Teatro, contos e ensaios* de Leandro Carré Alvarellos, unha das máximas figuras do galeguismo de antes da guerra civil, inxustamente esquecido, e para quen Alvarellos Editora está a ultimar a publicación dunha parte da súa obra inédita que abarca os anos 1915 a 1972. Neste volume verán a luz ensaios sobre a novela, un valiosísimo manual de interpretación teatral, senlleiras pezas dramáticas ou unha selección de contos. A maior parte desta obra permanece totalmente inédita. O volume acompañarase cunha ampla aportación gráfica, con fotos e debuxos tamén inéditos do autor.

Finalmente, Henrique Alvarellos avanzou algúns dos títulos que serán editados nas próximas semanas ou meses, entre eles, *Galicia bajo la bota de Franco*, unha dura crónica periodística publicada agora por primeira vez en Español dende que en 1938 fóra editada no exilio, e o libro de poemas *Catavento de neutrós domesticados*, de Manuel María, co que se inicia a colección “Clásicos” de Alvarellos Editora, pois este poemario foi editado por esta empresa en 1979 e agora aparecerá en edición facsímil acompañado dun estudio amplo sobre esta obra e as ilustracións orixinais de Xohán Clodio.



A Colección Rescate na Galería Sargadelos de Lugo.

